

O escritor muradán Samuel L. París participa nun roteiro literario pola súa vila, este domingo a partir das 9.00 horas

12 Decembro 2025

<https://obarbanza.gal/2025/12/o-escritor-muradan-samuel-l-paris-participa-nun-roteiro-literario-pola-sua-vila-este-domingo-a-partir-das-9-00-horas/>

O [Roteiro Literario *Os muros son coitelas*](#), guiado polo escritor muradán [Samuel L. París](#), forma parte dunha iniciativa da AELG (Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega) que pretende dar a coñecer as cidades e vilas do país da man das nosas escritoras e escritores, que exercen de guías tomando como base obras propias ou alleas vinculadas a eses espazos.

Deste xeito, posibilitase que a cidadanía goce persoalmente dos espazos físicos na súa relación coa memoria literaria.

– O roteiro terá lugar o **domingo 21 de decembro**, a partir das **09:04 horas da mañá**, en Muros.

– Hai un total de 15 prazas. A inscrición, de balde, farase enviando un correo electrónico a oficina@aelg.org, indicando o nome. Na resposta a ese correo electrónico indicaráselles ás persoas inscritas o punto de saída.

En palabras do autor, “na mañá máis desesperanzadora, no día máis curto e cando xa nada importa; a luz sempre regresa. Percorrido pola desmemoria persoal que habita espazos e poemas, nunha fuxida que nos constrúe e nos derrota. Iso si: haberá café”.

A actividade conta co apoio da Deputación da Coruña e a colaboración do Concello de Muros.

Máis información [na web da AELG](#).